

CONCELLO PLENO ACTA DE SESIÓN

A TRAVÉS DE VIDEOCONFERENCIA

(De acordo co disposto no artigo 46.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local)

ORGANO: CONCELLO PLENO.
ACTA NUMERO: 2023/04
CARÁCTER: EXTRAORDINARIA URXENTE
DATA: 21 de marzo de 2023.

Na Casa do Concello a través do sistema de videoconferencia sendo as vinte horas e cinco minutos do día **21 de marzo de 2023** réunese o Pleno en sesión convocada ao efecto con carácter **EXTRAORDINARIO URXENTE** baixo a presidencia do **Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia** e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

Concelleiros presentes

Por Bloque Nacionalista Galego

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde)
D. Pablo Vizoso Galdo
D^a Mónica Freire Rancaño
D. Marcos A. Villamil Martínez
D^a María del Pilar Otero Cabarcos
D.Jorge Díaz Freije
D. David Rivas Peña

Por Partido Popular

D. Daniel Vega Pérez
D^a Elisa Concepción Rodríguez Sanjurjo (disculpa ausencia)
D^a Begoña Sanjurjo Santar
D^a María Elena Sierra Pulpeiro

Por Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE

D^a Marta García Rey
D.Francisco Javier Torviso Berdeal (disculpa ausencia)

Secretario Xeral:

D. José Antonio Carro Asorey

Interventora:

D^a María Cristina González Santín

Técnico Admón. Xeral:

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:



1.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA PRESENTE SESIÓN.

Aberta a sesión o Sr.Alcalde explica os motivos da urxencia da presente sesión como se sinalaba na convocatoria desta sesión no senso de que urxencia deriva da necesidade de trasladar ao Tribunal Administrativo de Conteatación de Galicia informes e documentación en relación cos recursos formulados á licitación da concesión de augas a Ribadeo. O Pleno é o órgano de contratación e precísase do seu acordo.

O Pleno por unanimidade dos membros presentes acorda a apreciación da urxencia da sesión polas causas indicadas e a subseguinte celebración da mesma conforme ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.-EXPTE. NÚM. 493/2023. INFORMES SOBRE RECURSOS FORMULADOS Á LICITACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE AUGAS DE RIBADEO.

“Dase conta do ditame da Comisión Informativa que recolle o informe-proposta que se transcribe:

“DITAME:

Consta no expediente o informe-proposta que se transcribe:

“INFORME XURÍDICO

En relación co expediente de contratación por procedemento aberto tramitación ordinaria para a **Concesión do servizo público de abastecemento de auga potable, red de saneamento e depuración de augas residuais no Concello de Ribadeo** expoñendo os antecedentes e disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio, emítese o seguinte,

INFORME-PROPOSTA

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. Consta no procedemento a seguinte documentación:

Documento	Data/Núm.	Observacións
Memoria Xustificativa da Concesión de servizos	02/02/2023	
Informe de Secretaría	03/02/2023	
Resolución de Alcaldía de inicio de procedemento	03/02/2023	
Prego de Prescricións técnicas	21/02/2023	
Prego de Cláusulas administrativas	03/02/2023	
Informe proposta de Secretaria	06/02/2023	
Informe de Intervención de fiscalización	08/02/2023	
Certificación de Acordo Plenario	16/02/2023	
Envío do anuncio ao DOUE	21/02/2023	



SEGUNDO. As características da concesión que se pretende adxudicar son:

CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE, RED DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS NO CONCELLO DE RIBADEO	
Tipo de contrato:	Concesión
Subtipo do contrato:	Servizos
Obxecto do contrato:	Ciclo da auga
Procedemento de contratación: /	Aberto non suxeito a regulación harmonizada
Tipo de Tramitación:	Ordinaria
Valor estimado do contrato:	24.358.004,88 €
Orzamento base de licitación IVE excluído:	24.358.004,88 €
IVE %:	2.435.800,49 €
Orzamento base de licitación IVE incluído:	26.793.805,37 €
Data de inicio do contrato:	Agosto 2023
Duración do contrato	20 anos

TERCEIRO.- En data 16 e 17 de marzo tivo entrada neste Concello tres recursos perante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública, Recurso nº 48/2023, 49/2023 e 51/2023, recurso especial en materia de contratación contra os pregos da contratación da concesión do servizo de abastecemento de auga potable, rede de saneamento e depuración de augas residuais no Concello de Ribadeo, nos cales solicita como medida cautelar a suspensión do procedemento aberto .

E con base nos antecedentes expostos, de conformidade co disposto no artigo 175 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, FORMÚLASE A SEGUINTE

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Ratificar os Informes en contestación aos Recursos presentados nº 48/2023, nº 49/2023 e 51/2023 contra o Prego de condicións administrativas e o Prego de Prescricións administrativas para a Concesión do Servizo público de abastecemento de auga potable, rede de saneamento e depuración de Augas residuais no Concello de Ribadeo realizados pola empresa INTO GALICIA CONSULTING,S.L.

SEGUNDO. Dar traslado do acordo da Corporación Municipal ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia. “

Toma a palabra o Secretario municipal que explica o fondo da cuestión aos membros da Comisión Informativa.

A continuación un dos técnicos da empresa consultora INTOCONSULTING procede a explicar máis polo miúdo contido dos tres recursos interpostos así como as alegacións que aos mesmos se van a formular a modo de informe, para o seu envío ao TACGAL.

Rematadas as explicacións é sometido o informe – proposta a votación acordándose por unanimidade dos membros ditaminar favorablemente o mesmo para elevación ao Pleno municipal e adopción do acordo procedente.”



A Corporacion acorda por unanimidade dos seus membros presentes prestar aprobación ao ditame da Comisión nos seus propios termos.

Sendo as vinte horas e quince minutos e non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión estendéndose a presente acta do que eu Secretario dou fe.

**O ALCALDE,
Asdo. FERNANDO SUÁREZ BARCIA**

**O SECRETARIO XERAL,
Asdo. JOSÉ A. CARRO ASOREY**

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE

